

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de outubro de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 29 de outubro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Declaración institucional

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 9/2010, do 24 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.500 á nº 20.899, de 2010.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2010.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

4.-Aprobar a modificación do proxecto “Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña”, no marco do programa “Mecanismo financeiro do espazo económico europeo 2004-2009”.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

5.-Asignación de funcións dos postos da RPT de técnico/a de Biblioteca e Arquivo e de axudante de Arquivo e Biblioteca.

6.-Suprimir e modificar ficheiros de datos de carácter persoal.

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

7.-Aprobar a 7ª fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

8.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Acondicionamento, mellora e reforma dos parques infantís de “Xardín do mercado” e “Sealla” do Concello de Malpica, incluída na segunda fase do Plan especial de parques infantís 2009. Código 09.3260.0034.0.

9.-Formalizar un convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia (a través da Consellería de Medio Rural), para establecer as relacións de colaboración para o desenvolvemento do proxecto Mandeo, cofinanciado nun 70% por fondos Feder dentro do eixe 5 “Desenvolvemento local e urbano sostible”.

10.-Formalizar un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia-América, para a concesión de bolsas de estudo aos estudantes galegos e descendentes de galegos, de alumnos do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires.

11.-Formalizar un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, para o cofinanciamento da edición da revista de Facenda Pública Urbana (Urban Public Economics Review).

12.-Modificar o convenio co Concello de Outes para a “Rehabilitación da casa do concello”. Anualidade 2009 no sentido de modificar o apartado segundo da cláusula sexta e a vixencia do citado convenio.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

13.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2010 8ª fase, integrado polo proxecto: Ensanche e mellora de trazado e afirmado da DP 4603 Melide a Ribadulla (Melide e Santiso). Orzamento 1.868.002,92 € (Código 101100008.0).

14.-Desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Rianxo ao proxecto actualizado de enlace da DP 7201 Rampa a Rianxiño (Rianxo). Publicar o citado acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións.

15.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2010 cuarta fase integrado polos proxectos: Pavimentación con mestura asfáltica en quente en DP 4801 Ponte Baxoi a Bañobre (Miño) (Código 1011000024.0) Orzamento 57.998,52 €; Reforzo de firme na DP 6602 de Fonte Díaz a Santa Irene (O Pino e Touro) (Código 1011000025) Orzamento 185.432,98 €.

16.-Aprobar o Plan de sendas peonís 2010, segunda fase integrado polo proxecto: Travesías na DP 3003 San Pedro de Visma a Mazaído PK 0+360 ao PK 0+870 (A Coruña) (Código 1011700003.0). Orzamento 104.501,87 €.

17.-Formalizar un convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Culleredo e a entidade Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) para o outorgamento por parte de AENA a Deputación Provincial da Coruña dunha autorización temporal de uso de terreos do Aeroporto da Coruña situados na súa zona de servizo.

18.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 11ª fase 1ª relación integrado polo proxecto: travesía na estrada DP 3205 Présaras a Carregosa PK 0+000 ao 0+266 (Vilasantar) Orzamento 175.393,30 € (código 09113000023.0).

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

19.-Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Muros.

20.-Dar conta do informe sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de xullo de 2010, na aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (BOE nº 163, do 6 de xullo).

21.-Expediente de modificación de créditos número 4/2010 e de modificación das subvencións nominativas recollidas na base 49/2010 das de execución do orzamento provincial para o exercicio 2010, de aprobación polo Pleno da Corporación.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON JESÚS VEIGA SABÍN
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

PP
PSOE
BNG

Non asisten o Sr. García Liñares e a Sra. Pérez Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Ribera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Hai unha declaración institucional da Deputación Provincial da Coruña respecto do Real decreto 1221/2010, e di así:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A RESPECTO DO REAL DECRETO 1221/2010

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE e BNG), presentan a seguinte declaración institucional relativa aos efectos negativos que o Real decreto 1221/2010, do 1 de outubro, vai ter na economía do noso país, nomeadamente nas comarcas mineiras das Pontes e Meirama:

Os membros da Corporación da Deputación provincial, reunidos en Pleno, solicitan:

- 1.- Que o goberno español modifique os contidos básicos do decreto do carbón, para os efectos de adaptalo ao desenvolvemento dunha estratexia enerxética económica e ambiental sostible e ás especificidades das distintas comarcas mineiras.
- 2.- Que o Goberno español teña en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas das Pontes e Meirama na definición dos contidos definitivos do decreto e no desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.
- 3.- Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Industria e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, bos días Sras. deputadas e deputados. O Grupo Popular vai votar a favor, por suposto, xa que a asinou ademais esta declaración institucional, pero á súa vez tamén quere facer reflexionar a esta Cámara solicitando a inclusión da Xunta de Galicia na Comisión creada polo Ministerio, onde está o Ministerio de Industria, sectores económicos como os transportistas, sindicatos, empresarios e tamén os concellos. Nestes momentos non está a Comunidade Autónoma nesta Comisión creada polo Ministerio e, desde o noso grupo, queremos solicitar tamén a súa inclusión. Nada máis.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todos antes de nada. Simplemente matizar que é un tema que non é deste foro o que estea a Xunta de Galicia presente na negociación que, por certo hai unha hora que un compoñente desta Corporación provincial, o Sr. García Liñares, o alcalde de Cerceda, municipio afectado por este decreto, está a participar en combinación con outros colectivos. Non sabemos cal é o motivo de que a Xunta de Galicia non estea representada nesta Comisión negociadora, cabe a posibilidade de que sexa un desinterese que houbo por parte da Xunta de Galicia respecto diso, e iso motivou que non formase parte. Por tanto, nós cremos que hai unha negociación, neste momento está en firme, e o que desexamos é o que di a declaración institucional, que por segunda vez traemos a esta Cámara provincial e que redunda en beneficio dos traballadores e das economías, fundamentalmente dos municipios das Pontes e Cerceda, pero tamén de efectos que poden ser colaterais noutros lugares. Moitas grazas.

Sr. presidente

Se me permiten intervir no debate, esta é unha declaración institucional que asinamos todos os grupos esta mañá, que non é obxecto nin de debate, nin de emenda, porque o debate fíxose á hora da redacción e as propostas debíanse de expor cando se discutiu isto. Isto é unha declaración institucional que vén asinada por todos os grupos, así se redactou, así se acordou hai media hora, unha hora, e o que propono é deixar como está a declaración, porque o momento procedemental para expor cousas xa pasou cando se asinou e negociou este tema. Entón, a lectura da declaración institucional que fixo o Sr. secretario, é o que se aprobou, e enténdese que está aprobada porque a asinamos os tres.

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/2010, DO 24 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/2010, do 24 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.500 Á Nº 20.899, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.500 á nº 20.899, de 2010.

3.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver os escritos recibidos dos Concellos de Arteixo, Carballo, Cee, Noia, Oleiros, Ribeira, Santiago de Compostela e Cariño nos que se comunica que existen dificultades para a adxudicación das 17 obras que máis adiante se indican, incluídas todas elas no Plan provincial de obras e servizos (POS) 2010 que foi aprobado por acordo plenario do 26 de febreiro de 2010, modificado pola Resolución da Presidencia nº 11778, do 7 de xuño de 2010 pola incidencia da elevación do IVE do 16% ao 18%, estando cofinanciado o plan polo Ministerio de Política Territorial (MPT), Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello.

Considerando que no Real decreto 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MPT acade ata o 40% ou 50% do presuposto de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Tendo en conta que hai outras 11 obras dos Concellos de Arzúa, Cabana de Bergantiños, Cesuras, A Coruña, Monfero, Muros, O Pino e Vilasantar ás que se podería aplicar a subvención do MPT inicialmente prevista para as obras que máis adiante se indican, realizando unicamente axustes de distribución interna do financiamento, sen que elo afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2010, aprobado por acordo plenario do 27 de febreiro de 2010, en relación coa Resolución da Presidencia nº 11778 do 7 de xuño de 2010, cofinanciado entre o MPT, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello, no sentido seguinte:

Nas obras nº 12, 13, 14, 15 e 16 do Concello de Arteixo, 46 do Concello de Carballo, 58 do Concello de Cee, 149 e 150 do Concello de Noia, 151 do Concello de Oleiros, 194 do Concello de Ribeira, 210, 211, 212, 213 e 214 do Concello de Santiago de Compostela e 255 do Concello de Cariño, límitase a subvención do MPT e incrementase na mesma contía a achega da Deputación fondos propios, sen que iso afecte aos importes totais destas 17 obras.

Concello: Arteixo			
Denominación: Capa rodadura camiño de Loureda a Fortesende			
Código: 10.2100.0012.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	28.348,48	0,00	-28.348,48
Deputación préstamo	56.879,72	56.879,72	0,00
Deputación fondos propios	59.154,58	87.503,06	28.348,48
Concello	28.933,75	28.933,75	0,00
TOTAL	173.316,53	173.316,53	-0,00
Concello: Arteixo			
Denominación: Capa de rodadura Grela,Cepo, Avda. Borroa e o.			
Código: 10.2100.0013.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	9.188,47	0,00	-9.188,47
Deputación préstamo	18.436,17	18.436,17	0,00
Deputación fondos propios	19.173,53	28.362,00	9.188,47
Concello	9.378,17	9.378,17	0,00
TOTAL	56.176,34	56.176,34	0,00
Concello: Arteixo			
Denominación: Capa de rodadura camiño Pastoriza a Rañobre			
Código: 10.2100.0014.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	12.104,37	0,00	-12.104,37
Deputación préstamo	24.286,77	24.286,77	0,00
Deputación fondos propios	25.258,10	37.362,47	12.104,37
Concello	12.354,27	12.354,27	0,00
TOTAL	74.003,51	74.003,51	0,00
Concello: Arteixo			
Denominación: 2ª Fase saneamento en Sorrizo			
Código: 10.2100.0015.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	36.858,04	0,00	-36.858,04
Deputación préstamo	73.953,69	73.953,69	0,00
Deputación fondos propios	76.911,43	113.769,47	36.858,04
Concello	37.618,98	37.618,98	0,00
TOTAL	225.342,14	225.342,14	0,00
Concello: Arteixo			
Denominación: Rehabilitación superficial estrada mpal. 026			
Código: 10.2100.0016.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	17.907,89	0,00	-17.907,89
Deputación préstamo	35.931,24	35.931,24	0,00
Deputación fondos propios	37.368,29	55.276,18	17.907,89
Concello	18.277,61	18.277,61	0,00
TOTAL	109.485,03	109.485,03	0,00
Concello: Carballo			
Denominación: Acond.vías Goiáns, Bértoa, Cances e Carballo			
Código: 10.2100.0046.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	21.471,27	0,00	-21.471,27
Deputación préstamo	43.080,97	43.080,97	0,00
Deputación fondos propios	44.523,34	65.994,61	21.471,27
Concello	5.638,49	5.638,49	0,00
TOTAL	114.714,07	114.714,07	0,00
Concello: Cee			
Denominación: Construc. escola infantil mpal. Raíces de Arriba			
Código: 10.2100.0058.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza

Estado	20.869,77	0,00	-20.869,77
Deputación préstamo	41.874,08	41.874,08	0,00
Deputación fondos propios	44.527,53	65.397,30	20.869,77
Concello	78.065,94	78.065,94	0,00
TOTAL	185.337,32	185.337,32	0,00

Concello: Noia			
Denominación: Saneamento e abast. no Pereiro de Arriba			
Código: 10.2100.0149.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	28.871,53	0,00	-28.871,53
Deputación préstamo	57.929,20	57.929,20	0,00
Deputación fondos propios	59.868,70	88.740,23	28.871,53
Concello	7.581,88	7.581,88	0,00
TOTAL	154.251,31	154.251,31	0,00

Concello: Noia			
Denominación: Pav. e ampliación pistas en Mosteiro e Albariza			
Código: 10.2100.0150.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	24.485,27	0,00	-24.485,27
Deputación préstamo	49.128,39	49.128,39	0,00
Deputación fondos propios	52.203,70	76.688,97	24.485,27
Concello	89.396,80	89.396,80	0,00
TOTAL	215.214,16	215.214,16	0,00

Concello: Oleiros			
Denominación: Beirarrúas,colectores lixo r/Viñas Babilonia (S.Cruz)			
Código: 10.2100.0151.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	49.029,42	0,00	-49.029,42
Deputación préstamo	98.374,92	98.374,92	0,00
Deputación fondos propios	107.209,12	156.238,54	49.029,42
Concello	334.226,71	334.226,71	0,00
TOTAL	588.840,17	588.840,17	-0,00

Concello: Ribeira			
Denominación: Pav.renov.serv.tramo final Avda. Xral. Franco e o.			
Código: 10.2100.0194.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	90.364,35	0,00	-90.364,35
Deputación préstamo	181.311,28	181.311,28	0,00
Deputación fondos propios	188.721,41	279.085,76	90.364,35
Concello	101.433,84	101.433,84	0,00
TOTAL	561.830,88	561.830,88	0,00

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Reforzo firme en Sarela de Arriba (Peregrina)			
Código: 10.2100.0210.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	27.762,67	0,00	-27.762,67
Deputación préstamo	55.704,32	55.704,32	0,00
Deputación fondos propios	57.917,88	85.680,55	27.762,67
Concello	27.505,90	27.505,90	0,00
TOTAL	168.890,77	168.890,77	-0,00

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Reforzo firme vía pública en Munín (Laraño)			
Código: 10.2100.0211.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	10.271,45	0,00	-10.271,45
Deputación préstamo	20.609,11	20.609,11	0,00

Deputación fondos propios	21.428,06	31.699,51	10.271,45
Concello	10.176,45	10.176,45	0,00
TOTAL	62.485,07	62.485,07	0,00

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Refuerzo firme vías pública en Cesar			
Código: 10.2100.0212.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	35.684,66	0,00	-35.684,66
Deputación préstamo	71.599,38	71.599,38	0,00
Deputación fondos propios	74.444,59	110.129,25	35.684,66
Concello	35.355,91	35.355,91	0,00
TOTAL	217.084,54	217.084,54	0,00

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Refuerzo firme vías Ruevo de Figueiriñas-Muíños			
Código: 10.2100.0213.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	17.002,90	0,00	-17.002,90
Deputación préstamo	34.115,43	34.115,43	0,00
Deputación fondos propios	35.471,09	52.473,99	17.002,90
Concello	16.845,65	16.845,65	0,00
TOTAL	103.435,07	103.435,07	0,00

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Ref. firme vía pública en M-28-V (Sabugueira)			
Código: 10.2100.0214.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	20.556,01	0,00	-20.556,01
Deputación préstamo	41.244,55	41.244,55	0,00
Deputación fondos propios	42.883,51	63.439,52	20.556,01
Concello	20.365,90	20.365,90	0,00
TOTAL	125.049,97	125.049,97	0,00

Concello: Cariño			
Denominación: Pavimentación, abast. e san. Rúa dos Santos 2ªF			
Código: 10.2100.0255.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	19.386,47	0,00	-19.386,47
Deputación préstamo	38.897,58	38.897,58	0,00
Deputación fondos propios	40.488,39	59.874,86	19.386,47
Concello	21.743,43	21.743,43	0,00
TOTAL	120.515,87	120.515,87	0,00

- Nas obras nº 17 do Concello de Arzúa, 39 e 40 do Concello de Cabana de Bergantiños, 64 de Cesuras, 71 do Concello da Coruña, 125 e 126 do Concello de Monfero, 135 e 136 do Concello de Muros, 178 do Concello do Pino e 243 do Concello de Vilasantar, increméntase a subvención do MPT e diminúese na mesma medida a achega da Deputación fondos propios sen que iso afecte aos importes totais destas 11 obras nin do plan no seu conxunto.

Concello: Arzúa			
Denominación: Pavimentación Piñeiral (Arzúa) e outros			
Código: 10.2100.0017.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	72.946,54	161.575,35	88.628,81
Deputación préstamo	146.363,35	146.363,35	0,00

Deputación fondos propios	151.264,60	62.635,79	-88.628,81
Concello	19.209,33	19.209,33	0,00
TOTAL	389.783,82	389.783,82	0,00
Concello: Cabana de Bergantiños			
Denominación: Mell. estradas Borneiro, Canduas, Cesullas, Cundíns			
Código: 10.2100.0039.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	22.925,77	70.953,14	48.027,37
Deputación préstamo	45.999,35	45.999,35	0,00
Deputación fondos propios	48.027,37	0,00	-48.027,37
Concello	34.320,05	34.320,05	0,00
TOTAL	151.272,54	151.272,54	-0,00
Concello: Cabana de Bergantiños			
Denominación: Mell. estradas Anos, Corcoesto, O Esto, Nantón, Riobó			
Código: 10.2100.0040.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	24.133,23	74.690,10	50.556,87
Deputación préstamo	48.422,05	48.422,05	0,00
Deputación fondos propios	50.556,87	0,00	-50.556,87
Concello	36.127,61	36.127,61	0,00
TOTAL	159.239,76	159.239,76	0,00
Concello: Cesuras			
Denominación: Pavimentación estradas en Bragade e Mandaio			
Código: 10.2100.0064.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	17.411,92	46.513,13	29.101,21
Deputación préstamo	34.936,09	34.936,09	0,00
Deputación fondos propios	36.105,77	7.004,56	-29.101,21
Concello	4.572,48	4.572,48	0,00
TOTAL	93.026,26	93.026,26	0,00
Concello: A Coruña			
Denominación: Aliviadero r/Verarmar, pluv. Alcalde Abella e o.			
Código: 10.2100.0071.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	33.031,33	85.237,62	52.206,29
Deputación préstamo	66.275,61	66.275,61	0,00
Deputación fondos propios	69.214,00	17.007,71	-52.206,29
Concello	50.401,95	50.401,95	0,00
TOTAL	218.922,89	218.922,89	-0,00
Concello: Monfero			
Denominación: Mell. capa rodadura camiños Vilachá e Val Xestoso			
Código: 10.2100.0125.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	27.548,22	68.439,27	40.891,05
Deputación préstamo	55.274,03	55.274,03	0,00
Deputación fondos propios	57.124,64	16.233,59	-40.891,05
Concello	7.234,34	7.234,34	0,00
TOTAL	147.181,23	147.181,23	0,00
Concello: Monfero			
Denominación: Mell. capa rodadura camiños Queixeiro e San Fiz			
Código: 10.2100.0126.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	27.259,76	67.589,43	40.329,67
Deputación préstamo	54.695,27	54.695,27	0,00
Deputación fondos propios	56.548,43	16.218,76	-40.329,67
Concello	8.430,09	8.430,09	0,00
TOTAL	146.933,55	146.933,55	0,00
Concello: Muros			

Denominación: Acond. Rúas en Reboredo (Prrq. de Esteiro)			
Código: 10.2100.0135.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	28.374,33	57.058,86	28.684,53
Deputación préstamo	56.931,58	56.931,58	0,00
Deputación fondos propios	58.984,91	30.300,38	-28.684,53
Concello	15.990,55	15.990,55	0,00
TOTAL	160.281,37	160.281,37	-0,00
Concello: Muros			
Denominación: Acond.recinto escola infantil Agra da Filgueira			
Código: 10.2100.0136.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	22.307,68	51.476,76	29.169,08
Deputación préstamo	44.759,18	44.759,18	0,00
Deputación fondos propios	46.373,49	17.204,41	-29.169,08
Concello	12.571,66	12.571,66	0,00
TOTAL	126.012,01	126.012,01	0,00
Concello: O Pino			
Denominación: Camiño de Pedrouzo a N-634			
Código: 10.2100.0178.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	18.689,35	50.000,00	31.310,65
Deputación préstamo	37.499,18	37.499,18	0,00
Deputación fondos propios	38.772,68	7.462,03	-31.310,65
Concello	5.952,00	5.952,00	0,00
TOTAL	100.913,21	100.913,21	0,00

Concello: Vilasantar			
Denominación: Ens.mell.camiños Armental,Vilariño,Mezonzo,Seixo			
Código: 10.2100.0243.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	18.994,05	50.251,54	31.257,49
Deputación préstamo	38.110,56	38.110,56	0,00
Deputación fondos propios	39.386,54	8.129,05	-31.257,49
Concello	4.989,00	4.989,00	0,00
TOTAL	101.480,15	101.480,15	0,00

2.-Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

4.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO “PROMOCIÓN DAS ENERXÍAS RENOVABLES NA PROVINCIA DA CORUÑA”, NO MARCO DO PROGRAMA “MECANISMO FINANCEIRO DO ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO 2004-2009”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do cadro de financiamento do proxecto “Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña”, no marco do programa “Mecanismo financeiro do espazo económico europeo 2004-2009”.

2.- Aprobar as baixas das actuacións que a continuación se sinalan:

TIPO DE GASTO	TOTAL INICIAL ACTUACIÓN QUE SE MINORAN	TOTAL SEN CONTRATAR	CONCURSO	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	TOTAL BAIXAS
Preparación de terreos (Contratistas) Instalacións fotovoltaicas e térmicas (Contratistas)	228.000,00 € 2.599.955,00 €	41.495,00 €	562.212,00 €	508.239,65 €	53.972,35 €
			523.788,00 €	473.504,34 €	50.283,66 €
			410.870,00 €	369.501,66 €	41.368,34 €
			360.660,00 €	313.483,52 €	47.176,48 €
			928.930,00 €	782.609,04 €	146.320,96 €
TOTAL	2.827.955,00 €	41.495,00 €	2.786.460,00 €	2.447.338,21 €	339.121,79 €

3.- Aprobar a distribución financeira do proxecto, por entidade participante:

TIPO DE GASTO	TOTAL PROXECTO	Imputación temporal			
		2008	2009	2010	2011
Custos de xestión (Servizos)	60.000,00 €	60.000,00 €		-	- €
Estudos e Plans (Servizos)	190.000,00 €	190.000,00 €	-	-	- €
Preparación de terreos (Contratistas)	228.000,00 €	228.000,00 €	-	-	- €
Instalacións fotovoltaicas e térmicas (Contratistas)	2.260.833,21 €	1.208.676,59 €	1.052.156,62 €	-	- €
Publicidade (Servizos)	30.000,00 €	30.000,00 €	-	-	- €
TOTAL	2.768.833,21 €	1.716.676,59 €	1.052.156,62 €	-	- €
Achega do Mecanismo	1.052.156,62 €	- €	1.052.156,62 €		

Financeiro					
Achega da Deputación da Coruña	1.716.676,59 €	1.716.676,59 €			
TOTAL	2.768.833,21 €	1.716.676,59 €	1.052.156,62 €	-	- €

4- Aprobar a anulación dos documentos contables que se citan no seguinte cadro

PARTIDA	DOCUMENTO CONTABLE	Nº DE OPERACIÓN	IMPORTE
0305/425C/650	RC/	220080040578	6.472,00
	RC/	220100032962	234.865,78
	RC/	220089000147	35.023,00
	RC/	220100032963	62.761,01
TOTAL	---	---	339.121,79
AXENTE FINANCIADOR	DOCUMENTO CONTABLE	Nº DE OPERACIÓN	IMPORTE
Achega do Mecanismo Financeiro (CONCEPTO 79900)	CI/	120090000006	128.866,38
Achega da Deputación da Coruña (FONDOS PROPIOS)	---	---	210.255,41
TOTAL	---	---	339.121,79

5.-ASIGNACIÓN DE FUNCIONS DOS POSTOS DA RPT DE TÉCNICO/A DE BIBLIOTECA E ARQUIVO E DE AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En cumprimento da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña, nos autos PA 370/2009, seguidos a instancia das persoas funcionarias desta Deputación, dona Leonor M^a Sánchez Vázquez, posto de técnica de Biblioteca e Arquivo, subgrupo A1, e dona Teresa Sánchez Vázquez, dona Carmen Molina Taboada, don Fernando Alonso Abeleira, dona Ana M^a Moreira Fernández e dona Mercedes Fernández Flórez, axudantes de Arquivo e Biblioteca, subgrupo A2; asignarlles aos devanditos postos as funcións que deseguido se relacionan:

Posto: TÉCNICO/A DE BIBLIOTECA E ARQUIVO. Subgrupo A1.

Descrición: tarefas de xestión, coordinación e colaboración nas funcións técnicas da Biblioteca e Arquivo.

Funcións específicas:

- Apoio ás tarefas que corresponden á dirección da Biblioteca e Arquivo.
- Adaptar as tarefas da Biblioteca e do Arquivo ás normas bibliográficas internacionais e catalográficas, caso de ser necesario, mediante a elaboración de manuais de procedemento de uso interno da Biblioteca e do Arquivo.
- Supervisar, validar e unificar os catálogos de autoridades e materias.
- Velar pola unidade de criterios na aplicación da normativa bibliográfica, polo control de calidade das bases de datos da Biblioteca e do Arquivo, dos seus catálogos e inventarios e dos produtos bibliográficos xerados.
- Servir de ligazón cos técnicos informáticos do Sistema Integral de Xestión Bibliotecaria en uso e o do Arquivo, para o mantemento, desenvolvemento da aplicación, melloras do sistema documental, ou o seu cambio, etc., mantemento de páxinas web das diferentes seccións da Biblioteca, etc.
- Organizar e coordinar e, se é o caso, executar as tarefas que se deriven do tratamento técnico dos fondos de Biblioteca e Arquivo.
- Organizar e xestionar os diferentes traballos de encadernación, restauración e reprografía para executar os programas de preservación, conservación e reprodución dos Fondos Documentais de acordo coas propostas das distintas unidades da Biblioteca e do Arquivo e a supervisión da Dirección.
- Deseñar e realizar, de acordo coa Dirección, exposicións e programas de difusión en Biblioteca e Arquivo.
- Tarefas delegadas de xestión interna do persoal.
- Desenvolvemento de programas para avaliar os Servizos e Procesos, elaborando os indicadores de calidade mediante as ferramentas precisas.
- Xestión e atención nos servizos de información de Biblioteca e Arquivo.
- Desenvolver e actualizar o regulamento do Arquivo e o da Biblioteca a proposta da Dirección e suxestións do persoal.
- Realizar informes, estudos e memorias sobre temas técnicos.
- Formarse activamente nas funcións e servizos propios da súa profesión.
- Coordinación e supervisión do traballo do persoal ao seu cargo.
- Coordinación de equipos de traballo.
- Cumprir e facer cumprir o regulamento e normas da Biblioteca e do Arquivo.
- Aqueloutras funcións que se correspondan co labor xeral, o nivel, os coñecementos e a responsabilidade definida para o posto que lle sexan encomendadas polos seus superiores xerárquicos e resulten necesarias por razón do servizo.

Posto: AXUDANTE/A DE ARQUIVO E BIBLIOTECA. Subgrupo A2.

Descrición: dar soporte técnico ao funcionamento do Arquivo e a Biblioteca de acordo coas directrices técnicas establecidas pola Dirección. Tarefas de execución.

Funcións específicas:

- Levar a termo a xestión, desenvolvemento e proceso técnico dos fondos documentais en calquera tipo de soporte, na Biblioteca e no Arquivo, aplicando a normativa correspondente e homoxeneizando os procesos técnicos (normas internas, manuais de procedemento, etc.).
- Colaborar na proposta e selección de adquisicións de fondos, xestionando desideratas e suxestións de usuarios a través dos medios dispoñibles (caixa de correos, páxina web, etc.).
- Preparar e coordinar coas diferentes unidades da Deputación os documentos a transferir ao Arquivo, prestándolles o apoio técnico e profesional necesario.
- Propoñer o desenvolvemento e modificacións necesarias do Sistema Integral de Xestión de Bibliotecas e do Arquivo para mellorar a prestación de servizos e execución de tarefas.
- Manexar e utilizar os medios tecnolóxicos da información e tamén os de visionado e audición, en tanto facilitadores e axilizadores de servizos en calquera das tarefas bibliotecarias e arquivísticas (procuras informativas, informatización de datos, captura de rexistros, catalogación compartida, demandas informativas, etc.).
- Impartir formación de usuarios no relativo aos servizos prestados pola Biblioteca e Arquivo (acceso a catálogos, internet, alfabetización informacional, etc.).
- Colaborar na formación de bolseiros e de alumnos en prácticas nas tarefas da súa competencia.
- Realizar o Servizo de Información e Referencia, Información á Comunidade e atención a usuarios, servizos de acceso ao documento, servizos automatizados e recursos e servizos electrónicos, en todas as dependencias da Biblioteca e no Arquivo.
- Organizar, coordinar, supervisar e xestionar o préstamo nas súas diversas modalidades (individual, colectivo, interbibliotecario, etc.) e a obtención de documentos en soporte orixinal ou substitutivo dos fondos, segundo a Política de Préstamo da Biblioteca.
- Elaborar os informes de xestión, avaliación e estatísticas correspondentes á Biblioteca e ao Arquivo periodicamente e/ou a demanda dos superiores xerárquicos.
- Elaborar produtos documentais.
- Organizar, desenvolver e executar os programas de difusión do arquivo e da biblioteca e os seus servizos, actividades de animación, exposicións propias ou en colaboración con outras institucións, de acordo coa Dirección.
- Colaborar no reconto, colocación, ordenación e expurgo de todo tipo de fondos e xestionar os duplicados.
- Realizar as tarefas descritas con anterioridade en calquera unidade bibliotecaria ou no Arquivo como substitución ou reforzo en caso de ser necesario.
- Coordinación de equipos de traballo.
- Organización do traballo do persoal auxiliar ao seu cargo.
- Formarse activamente nas funcións e servizos propios da súa profesión.
- Cumprir e facer cumprir o regulamento e normas da Biblioteca e do Arquivo.

- Aqueloutras funcións que se correspondan co labor xeral, o nivel, os coñecementos e a responsabilidade definida para o posto que lle sexan encomendadas polos seus superiores xerárquicos e resulten necesarias por razón do servizo.”

6.-SUPRIMIR E MODIFICAR FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Acórdase modificar o regulamento polo que se actualizan os ficheiros de datos de carácter persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión do 31 de xullo de 2008 e publicado no BOP nº 246, do 24 de outubro de 2008, polo que procede á SUPRESIÓN do ficheiro de datos de carácter persoal denominado “*FORMACIÓN ORGANIZADA POLA SECRETARÍA XERAL OU OFICIALÍA*” do que é responsable de seguridade a oficial maior, debido a que se deixaron de organizar as actividades formativas relacionadas co ficheiro, que deseguido se identifica.

SUPRÍMESE O FICHEIRO SEGUINTE:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Procedemento de recollida de datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos de identificación, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas neles)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstos indicando no seu caso os destinatarios ou categorías de destinatarios.	Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, Medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Formación organizada pola Secretaría Xeral ou Oficial Maior	Finalidade: Contén os datos de persoas físicas relacionados con esta formación. Usos: Selección dos asistentes aos cursos. Comunicación cos interesados en relación cos materias obxecto dos cursos Actividades, expedientes e contactos derivados da formación	Cargos políticos da provincia da Coruña Funcionarios	O propio interesado mediante a presentación de formularios	Datos de identificación : nome e apelidos, DNI-NIF, enderezo, teléfonos fixo e móbil, enderezo de correo electrónico, sinatura de datos académicos: curriculum profesional. Datos de emprego: certificación acreditativa da condición de concelleiro	Automatizado	Non se prevé	Non se prevé	Básico

O datos xerados polo referido ficheiro vainos conservar a Deputación Provincial da Coruña con fins históricos e estatísticos, non se prevé a súa destrución.

2.- Acórdase modificar o regulamento polo que se actualizan os ficheiros de datos de carácter persoal da Deputación Provincial da Coruña, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión de 31 de xullo de 2008 e publicado no BOP nº 246, do 24 de outubro de 2008, en relación co ficheiro de datos de carácter persoal denominado “*MENORES DO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY*” Do que é responsable de seguridade a directora do Fogar Infantil Emilio Romay, polo que no apartado relativo ás comunicacións de datos previstas, deben figurar incorporados novos destinatarios, segundo se indica a continuación:

ONDE DI:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos, indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Procedemento de recollida de datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos identificativos, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídos neles)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstas, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios.	Transferencias de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Menores do Fogar Infantil Emilio Romay	Finalidade: contén os datos identificativos, sociais e médicos dos menores usuarios do Fogar Infantil. Prestacións de asistencia social, do menor, xestión e control sanitario, ensinanza. Usos: Xestión administrativa e asistencial dos menores. Custodia da documentación do menor, consulta de datos do menor, comunicación de información aos organismos competentes. Historial médico. Expediente psicolóxico. Libro rexistro de entradas e saídas de menores. Nóminas mensuais de menores. Historia psicossocial de nenos e nenas do Fogar Infantil Emilio Romay. Informe individual e proxecto educativo individual do menor. Custodia da documentación audiovisual e gráfica dos menores. Actividades, expedientes e contactos	Menores usuarios do Fogar Infantil, así como pais ou titores.	Os datos recóllese do propio interesado, pai, nai, outros familiares do menor, persoal interno, outras administracións públicas: centros escolares, hospitais, centros de saúde do SERGAS, Xunta de Galicia. O procedemento de recollida é a través de enquisas, entrevista, declaracións ou formularios, rexistros públicos (Rexistro Civil), Outros (FAX, informes médicos), soporte papel.	Datos de identificación: nome, apelidos, DNI-NIF, enderezo, teléfono, fotografía. Datos de características persoais: data de nacemento, concello de procedencia, réxime legal. Antecedentes de conduta. Datos especialmente protexidos: Saúde (valoración sobre o estado de saúde físico, motor e nutricional, medidas profilácticas e pautas alimenticias, seguimento clínico. Valoración sobre o estado de saúde psicossocial. Datos educativos das áreas hixiénico-sanitaria, de personalidade e actitudes, escolar, social e de convivencia). Outros datos: data de alta e baixa, réxime de estancia, permisos de saída e/ou visitas, contactos familiares, análises da contorna familiar, informes educativos, datos sobre familias de acollida, de adopción ou biolóxicas, ocio e tempo libre.	Automatizado e manual	Outras administracións: Xunta de Galicia, Centros Escolares, Servizos Sociais dos concellos	Non se prevén	Alto

DEBE DICIR:

Identificación do ficheiro ou tratamento e denominación	Descrición da súa finalidade e usos previstos	Orixe dos datos, indicando os colectivos de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecerlos	Procedemento de recollida dos datos e a súa procedencia	Estrutura básica do ficheiro (descrición detallada dos datos de identificación, e no seu caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídos neles)	Sistema de tratamento utilizado na súa organización	Comunicacións de datos previstas, indicando no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios.	Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países	Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte esixible
Menores do Fogar Infantil Emilio Romay	Finalidade: contén os datos de identificación, sociais e médicos dos menores usuarios do Fogar Infantil. Prestacións de asistencia social, protección do menor, xestión e control sanitario, ensino Usos: Xestión administrativa e asistencial dos menores. Custodia da documentación do menor, consulta de datos do menor, comunicación de información aos organismos competentes. Historial médico. Expediente psicolóxico. Libro rexistro de entradas e saídas de menores. Nóminas mensuais de menores. Historia psicossocial de nenos e nenas do Fogar Infantil Emilio Romay. Informe individual e proxecto educativo individual do menor. Custodia da documentación audiovisual e gráfica dos menores. Actividades, expedientes e contactos.	Menores usuarios do Fogar Infantil, así como pais ou titores	Os datos recóllese do propio interesado, pai, nai, outros familiares do menor, persoal interno, outras administracións públicas: centros escolares, hospitais, centros de saúde do SERGAS, Xunta de Galicia O procedemento de recollida é a través de enquisa, entrevista, declaracións ou formularios, rexistros públicos (Rexistro Civil), Outros (FAX, informes médicos), soporte papel	Datos de identificación: nome, apelidos, DNI-NIF, enderezo, teléfono, fotografía. Datos de características persoais: data de nacemento, concello de procedencia, réxime legal. Antecedentes de conduta. Datos especialmente protexidos: saúde (valoración sobre o estado de saúde físico, motor e nutricional, medidas profilácticas e pautas alimenticias, seguimento clínico. Valoración sobre o estado de saúde psicossocial. Datos educativos das áreas hixiénico-sanitaria, de personalidade e actitudes, escolar, social e de convivencia). Outros datos: data de alta e baixa, réxime de estancia, permisos de saída e/ou visitas, contactos familiares, análises da contorna familiar, informes educativos, datos sobre familias de acollida, de adopción ou biolóxicas, lecer e tempo libre.	Automatizado e manual	Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, órganos xudiciais, outros órganos da Comunidade Autónoma, outros órganos da Administración local, clubs deportivos e federacións, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, forzas e corpos de seguridade, entidades sanitarias, interesados lexítimos.	Non se prevén	Alto

3.- Someter o presente acordo a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións que, de producirse, resolveraas a Corporación. De non producirse estas, o acordo considerárase aprobado definitivamente.”

7.-APROBAR A 7ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto técnico da obra denominada “Novo trazado e mellora da zona fluvial dos Caneiros”, e o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dunha empresa xestora de actividades dos cursos e xornadas de formación e divulgación sobre saneamento e depuración, que desenvolve o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a sétima fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que a seguir se indican, que serán contratadas por esta Deputación.

Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL(€)
10.2800.0035.0	Novo trazado Os Caneiros Pr.Mandeo	380.745,31	0,00	380.745,31
		163.176,56	0,00	163.176,56
		543.921,87	0,00	543.921,87
10.2800.0035.4	C. Seg-Saúde novo trazado Os Caneiros Pr. Mandeo	4.067,21	0,00	4.067,21
		1.743,09	0,00	1.743,09
		5.810,30	0,00	5.810,30
10.2800.0036.0	Xestión de actividades formación - divulgación. Pr.Mandeo	63.336,00	0,00	63.336,00
		27.144,00	0,00	27.144,00
		90.480,00	0,00	90.480,00
TOTAL		448.148,52	0,00	448.148,52
		192.063,65	0,00	192.063,65
		640.212,17	0,00	640.212,17

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

8.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO, MELLORA E REFORMA DOS PARQUES INFANTÍS DE “XARDÍN DO MERCADO” E “SEALLA” DO CONCELLO DE MALPICA, INCLUÍDA NA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009. CÓDIGO 09.3260.0034.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada “Acondicionamento, mellora e reforma dos parques infantís de “Xardín do mercado” e “Sealla” do Concello de Malpica, incluída na segunda fase do Plan especial de parques infantís 2009, código 09.3260.0034.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 25 de setembro de 2009, cun presuposto de contrata de 72.999,99 euros, xa que introduce algunhas modificacións nas actuacións que alteran internamente o seu contido, aínda que non varían o orzamento total da obra, nin o seu obxecto, nin a súa finalidade.”

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Malpica	09.3260.0034.0	Acond, mellora e reforma parques infantís Xardín do Mercado e Sealla	60.000,00	12.999,99	72.999,99

9.-FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A XUNTA DE GALICIA (A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL), PARA ESTABLECER AS RELACIÓNS DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MANDEO, COFINANCIADO NUN 70% POR FONDOS FEDER DENTRO DO EIXE 5 “DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO SOSTIBLE”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Incluir as suxestións formuladas por el Servizo de Conservación da Natureza á cláusula 2ª que queda redactada do seguinte modo:

infraestruturas, senón tamén, de investigación científica, promoción turística, rehabilitación e posta en valor dos bens culturais e etnográficos situados na súa área de influencia , así como, de formación ambiental.

O proxecto Mandeo beneficiará de forma directa aos 10 concellos: Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Cesuras, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne e Sobrado, o que supón atender a unha poboación superior ás 40.000 persoas.

O proxecto Mandeo estrutúrase en catro bloques de actuacións:

Bloque A: Optimización dos usos da auga

Bloque B: Achegamento do río aos cidadáns. Dinamización turística.

Bloque C: Educación e formación ambiental.

Bloque D: Xestión, seguimento e avaliación do proxecto

O proxecto Mandeo actúa en áreas de especial protección, cuxa custodia e tutela corresponde á Consellería de Medio Rural, polo que ambas as partes consideran necesaria a formalización dun convenio que vele polo desenvolvemento adecuado das accións do proxecto, de forma coordinada, de modo que as actuacións de dinamización da zona beneficien a conservación dos espazos naturais a cargo da Consellería de Medio Rural.

Tendo en conta o anterior, ambas as partes coinciden en que a iniciativa obxecto do acordo é de común interese, conveñen formalizar o seguinte convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as canles de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a Deputación da Coruña para un desenvolvemento coordinado das actuacións do proxecto Mandeo cofinanciado nun 70% por FONDOS FEDER dentro do EIXE 5 “DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO SUSTENTABLE”.

En cumprimento desta finalidade ambas as administracións establecerán unha canle directa de diálogo, para facilitar a información sobre as actuacións propostas no proxecto Mandeo, o seu desenvolvemento e as necesidades de autorización que poidan derivarse da súa implantación nun lugar de importancia comunitaria (LIC).

SEGUNDA- Comisión de seguimento

Para a consecución deste obxecto, a plasmación desta canle será unha Comisión Técnica Mixta de Seguimento do Proxecto, formada por:

- 1O xefe de Vías e Obras da Deputación da Coruña
- 2O xefe provincial da Coruña do Servizo de Conservación da Natureza
- 3Un técnico de Vías e Obras da Deputación da Coruña
- 4Un técnico do Servizo Provincial da Coruña do Servizo de Conservación da Natureza

A Comisión contará con dous asesores que serán designados por mutuo acordo por ambas as administracións, aínda que non formarán parte dela pero que asistirán ás súas reunións, sempre que esta o demande, actuando con voz pero sen voto.

Esta Comisión, que establecerá un calendario de reunións de acordo co desenvolvemento dos traballos, reunirse sempre que o solicite, polo menos o 50% dos seus membros e en calquera caso unha vez ao trimestre, analizará o posible efecto das actuacións sobre o lugar de importancia comunitario (LIC), estudará o estado administrativo dos permisos necesarios para a execución das obras, e velará, en xeral, por un desenvolvemento adecuado do proxecto compatible coa protección do LIC.

TERCEIRA- Colaboración no Centro de Interpretación de Chelo

Unha acción singular, que merece un apartado específico, é o Centro de Interpretación que existe actualmente no lugar de Chelo.

O proxecto Mandeo consigna unha importante dotación orzamentaria á mellora da contorna de Chelo, incluíndo o azud, as zonas de lecer, e o propio centro. Dentro do proxecto, contéplase unha mellora dos aspectos técnicos de control da calidade das augas do río, a inclusión de novos elementos interpretativos e a mellora xeral da contorna.

Dado que a actuación entra de cheo no LIC, é imperativo que estas actuacións sexan acordadas no seo da Comisión Mixta, que deberá informar as actuacións, e que promoverá convenios ou protocolos específicos para a cesión temporal de espazos para o desenvolvemento das obras.

A Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Medio Rural comprométense a iniciar os trámites para que, unha vez finalizadas as obras, poida esta última, asumir a titularidade e a explotación do novo centro e a súa contorna.

CUARTA- Colaboración en novas actuacións do proxecto Mandeo

A Consellería de Medio Rural prestará a súa colaboración á Deputación, mediante o seu asesoramento na redacción de prescricións técnicas ou mediante a súa participación nas comisións de expertos nas adxudicacións de contratos do proxecto Mandeo ou na súa fase de execución, cando o solicite a Deputación e que se refiran a materias que sexan competencias da Consellería de Medio Rural.

QUINTA- Vixencia. Ámbito espazo-temporal

A vixencia temporal do presente convenio establécese de modo paralelo á do proxecto Mandeo, o que supón como horizonte temporal o ano 2013, podéndose prorrogar na medida en que se prorroguen os prazos de execución das actuacións do proxecto Mandeo.

O espazo sobre o que existe concorrencia de intereses, e que está baixo a tutela da Consellería de Medio Rural, é o lugar de importancia comunitaria Betanzos – Mandeo, cunha superficie de 1020 ha, e que inclúe:

O tramo interior da ría de Betanzos, desde a punta de Gandarío.

O curso baixo do río Mandeo, 25 km de desenvolvemento, ata a confluencia co río Cambás, en Aranga.

Un tramo do río Zarzo, de 2.5 km a partir da súa confluencia co Mandeo.

O tramo baixo do río Mendo, de 9 km, desde a súa confluencia co río Mandeo en Betanzos.

SEXTA- Modificación ou resolución do convenio

As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio de mutuo acordo.

SÉTIMA- Réxime xurídico

En todo o disposto no presente convenio será de aplicación supletoria, a Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público e as cuestións litixiosas que poidan xurdir canto á súa interpretación, cumprimento e efectos serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno con data do

En proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O CONSELLEIRO DE MEDIO RURAL

Salvador Fernández Moreda

Samuel Juárez Casado

10.- FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA-AMÉRICA, PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO AOS ESTUDANTES GALEGOS E DESCENDENTES DE GALEGOS, DE ALUMNOS DO COLEXIO SANTIAGO APÓSTOL DE BOS AIRES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia América, para a concesión de bolsas de estudo aos estudantes galegos e descendentes de galegos, alumnos do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, cunha achega máxima pola Deputación de 50.000€ que representa unha porcentaxe de financiamento do 54,054% que se imputará á partida 0103/232C/481 e cunha vixencia ata o 30 de xuño de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA-AMÉRICA, PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO AOS ESTUDANTES GALEGOS E DESCENDENTES DE GALEGOS, DE ALUMNOS DO COLEXIO SANTIAGO APÓSTOL DE BOS AIRES

A Coruña, de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Roberto Varela Fariña, conselleiro de Cultura, nomeado mediante o Decreto 81/2009, do 19 de abril na súa calidade de presidente nato da Fundación Galicia-América, CIF G15598873, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

1. Que a Deputación Provincial da Coruña, nas súas funcións de apoio aos municipios da súa provincia, amosa un especial interese na formación dos veciños, dos seus fillos e demais descendentes que residan fóra de Galicia, sobre todo daqueles que, posuíndo boas aptitudes para o estudo, carecen dos suficientes medios económicos. Deste xeito, vense implicando activamente nas iniciativas educativas en beneficio da emigración galega.

2. Que a Fundación Galicia-América é unha entidade clasificada como de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, do 9 de outubro de 1996, e declarada de interese galego pola Orde da Consellería Cultura, Comunicación Social, do 25 de novembro de 1996, que desenvolve, entre outras actividades, a organización, coordinación e xestión do centro educativo da súa propiedade “Colexio Santiago Apóstol” de Bos Aires. Colexio significado, ademais de pola súa excelencia académica, por integrar dentro do seu programa educativo, a lingua e cultura galegas como nexos de unión e de reforzamento dos lazos afectivos e culturais entre Galicia e os emigrantes galegos e os seus descendentes.

3. É por isto que a Deputación Provincial da Coruña, considera a Fundación Galicia-América, como titular do centro educativo “Colexio Santiago Apóstol” de Bos Aires, como a institución idónea para o outorgamento desta axuda dado o seu carácter singular e o interese social da acción que se pretende desenvolver, así como a especificidade do citado colexio arxentino-galego por impartir e divulgar a cultura e lingua galegas entre os seus alumnos, circunstancias estas que dificultan a convocatoria pública da axuda tal e como prevé o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Galicia-América, para a concesión dunha subvención destinada a ofrecer bolsas a estudantes galegos, fillos ou demais descendentes de galegos ata o terceiro grao para cursar estudos no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires para o ciclo lectivo correspondente ao ano 2010, conforme ao cadro estimativo de necesidades elaborado pola Fundación, que se incorpora como anexo a este convenio.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento estimado de gastos que se financia é de 92.500 €, que é a cantidade a que ascende a suma das achegas que a Fundación Galicia América espera obter doutras institucións públicas (Xunta de Galicia e outras deputacións provinciais galegas) para o financiamento da referida convocatoria de bolsas.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 54,054 %. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,054 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/481, do vixente orzamento para 2010, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. EXECUCIÓN

1. A Fundación Galicia-América comprométese a esixirle aos solicitantes das bolsas, alumnos do Colexio Santiago Apóstol, a acreditación de ser galego, fillo ou descendente de galegos ata o terceiro grao.

2. A Fundación Galicia-América, a través do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, daralle publicidade a estas bolsas mediante unha convocatoria pública polo prazo mínimo dun mes, que deberá de facerse necesariamente durante o período lectivo, co obxectivo de acadar a maior difusión posible, á que poderán acceder todas as persoas que cumpran os requisitos do apartado anterior.

3. Unha vez recibidas as solicitudes coa súa documentación, o devandito colexio fará unha proposta de bolseiros en atención aos seguintes criterios:

- Valoración das circunstancias económicas da unidade familiar
- Valoración do expediente académico do solicitante

4. A antedita proposta, que será motivada, recollerá as persoas ás que o colexio pretenda outorgar ou denegar as bolsas e o importe e contía destas.

5. Despois de asinado o convenio a Fundación Galicia-América comprobará e revisará a aplicación dos criterios de admisión e valoración dos beneficiarios das bolsas feitas polo colexio á vista da proposta formulada por este. En orde á comprobación da aplicación dos citados criterios de admisión e valoración, a Deputación poderá pedir cantos documentos e aclaracións sexan precisos.

6. Do resultado desta análise e comprobación dos expedientes, a Fundación Galicia-América emitirá unha certificación facendo constar a súa conformidade coa aplicación dos anteditos criterios de admisión e valoración, á vista da proposta de asignación das bolsas de estudo realizada polo colexio.

7. A Fundación Galicia América ditará resolución de concesión das bolsas, de conformidade coa certificación anterior, e remitirá ambos os dous documentos á Deputación Provincial da Coruña para a tramitación do pagamento da achega provincial.

8. A Fundación Galicia América obrígase ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. As posibles reclamacións que puideran producirse, presentaranse no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires e serán resoltas pola Fundación Galicia-América despois do informe da Deputación da Coruña.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación á que alude a cláusula IV.6, sobre a comprobación e revisión da aplicación dos criterios de admisión e valoración dos beneficiarios das bolsas feitas polo colexio á vista da proposta formulada por este.

- Resolución da Fundación Galicia-América, de concesión das bolsas aos solicitantes, nos termos expostos na cláusula IV.7.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas nas cláusulas anteriores, deberán estar rematadas e xustificadas antes do 30 de xuño de 2011.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Galicia-América destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas concedidas segundo os xustificantes presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos pagamentos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O convenio estará en vigor dende a súa sinatura, ata o 30 de xuño de 2011. Non obstante o anterior, a achega económica poderá financiar as accións realizadas para o cumprimento do obxecto do convenio dende o 1 de xaneiro de 2010.
2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de outubro do 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

O presidente da Fundación Galicia-América

D. Salvador Fernández Moreda

D. Roberto Varela Fariña

11.- FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O COFINANCIAMENTO DA EDICIÓN DA REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA (URBAN PUBLIC ECONOMICS REVIEW).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o cofinanciamento da edición da “Revista de Facenda Pública Urbana (Urban Public Review). Cunha achega por parte da Deputación de 12.000 euros para o ano 2010 e 12.000 euros para o ano 2011 que supón unha porcentaxe de financiamento de 80,00% que se imputará a partida 0103/326A/45390, cunha vixencia ata 31-12-2011 e con efectos retroactivos dende o 1-01-2009.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O COFINANCIAMENTO DA EDICIÓN DA "REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA (URBAN PUBLIC ECONOMICS REVIEW)"

A Coruña,

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Juan J. Casares Long, que intervén neste acto en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, con domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, CP 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de reitor magnífico e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, e

M A N I F E S T A N

A Deputación vén colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2006 na edición dunha revista especializada en artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais, denominada “Revista de facenda pública urbana (Urban Public Economics Review)”, e o obxecto do presente convenio é darlle continuidade á citada colaboración, mediante o cofinanciamento da edición de catro números máis da revista.

Dado o interese coincidente da Deputación e Universidade de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (USC, en adiante), para o cofinanciamento da edición de catro números máis da “Revista de facenda pública urbana (Urban Public Economics Review)”, os números 11 a 14, que serán entregados en 2010 (os dous primeiros) e en 2011 (os dous últimos).

2. Nela publicaranse, fundamentalmente, artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento da edición dos catro números ten o seguinte detalle:

<u>CONCEPTO DE GASTO</u>	<u>2010</u>	<u>2011</u>
- Edición, deseño e maquetación	4.603,75	4.603,75
- Tradución	1.625,00	1.625,00
- Distribución	1.650,00	1.650,00
- Publicidade	781,25	781,25
- Honorarios colaboracións	750,00	750,00
- Reunións (incluída achega.seminario anual)	3.865,00	3.865,00
- Xestión	<u>1.725,00</u>	<u>1.725,00</u>
TOTAL	15.000,00	15.000,00

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación financiará a confección e edición dos números 11 e 12 da citada revista (a entregar en 2010), cunha achega de 12.000 euros, e dos núms. 13 e 14 (a entregar en 2011), con outra achega doutros 12.000 euros, conforme co orzamento de gastos citado, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00 %. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
2. O importe do financiamento provincial correspondente á anualidade 2010, por importe de 12.000,00 €, farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria partida 0103/326A/45390, do Orzamento xeral para 2010.
3. O importe do financiamento provincial correspondente á anualidade 2011, por importe doutros 12.000,00 €, farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria partida 0103/326A/45390, do Orzamento xeral para 2011, condicionada a súa aprobación e entrada en vigor á existencia de crédito axeitado e suficiente no citado orzamento.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. Na revista publicaranse fundamentalmente artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos. Os artigos e traballos que se publiquen deberán de ilustrar teórica e empiricamente unha reflexión sobre os problemas das facendas municipais no novo contexto socioeconómico.
4. A revista editarase con carácter semestral e terá unha tiraxe de 500 exemplares. O seu contido abarcará ademais de temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais.

5. A dirección da revista estará a cargo do director do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, D. Luís Caramés Viéitez, e do profesor Jean Michel Uhdalborde, da Universidade de Pau y Pays de l'Ardour.

6. As tarefas de planificación, organización e coordinación dos traballos que vaian ser publicados, así como a maquetación da revista, serán realizados polo consello de redacción que designará o seu director.

7. Os artigos e traballos que se publiquen serán realizados por técnicos, profesores universitarios e científicos, en castelán e/ou inglés.

8. O financiamento provincial cubrirá os gastos de edición, deseño, tradución, maquetación, xestión, distribución, divulgación, material de oficina e, en xeral, todos os que sexan necesarios para a publicación e coñecemento da revista editada. Estes gastos serán xestionados directamente pola USC.

9. A USC, a través do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, colaborará coa Deputación cando esta o solicite, prestándolle asesoramento sobre cuestións relacionadas co:

- a) Desenvolvemento de políticas de xestión local
- b) Preparación de proxectos de interese comunitario
- c) Elaboración de informes sobre a situación financeira local
- d) E, en xeral, na preparación de proxectos de actuación provincial no que se considere de interese o citado asesoramento

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A USC fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación en todos os exemplares da revista que se publiquen, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Despois da sinatura do convenio, o importe do cofinanciamento provincial referido na cláusula III, será transferido á USC en dous prazos, do seguinte xeito:

a) O primeiro prazo, por importe de 12.000 euros, correspondentes á publicación dos números 11 e 12 da revista, aboarase con cargo á aplicación orzamentaria partida 0103/326A/45390, do Orzamento xeral para 2010.

b) O segundo prazo, por importe doutros 12.000 euros, correspondentes á publicación dos números 13 e 14, aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 0103/326A/45390, do Orzamento provincial de 2011, condicionado a súa aprobación e entrada en vigor á existencia de crédito axeitado e suficiente no citado orzamento.

2. As solicitudes de aboamento deberán acompañarse de:

- 10 exemplares da revista

- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. Os pagamentos correspondentes deberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización. Dos pagamentos que se realicen darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. O convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31.12.2011, aínda que os xustificantes de gastos da edición de cada número poderán estar referidos ao ano anterior ao da súa entrega, polo que se lle outorgan efectos retroactivos dende o 1.01.2009.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade

Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 1.01.2009, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2011.

2. Logo da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data de dous mil nove

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
PROVINCIAL DA CORUÑA COMPOSTELA

Salvador Fernández Moreda

Juan J. Casares Long

12.-MODIFICAR O CONVENIO CO CONCELLO DE OUTES PARA A “REHABILITACIÓN DA CASA DO CONCELLO”. ANUALIDADE 2009 NO SENTIDO DE MODIFICAR O APARTADO SEGUNDO DA CLÁUSULA SEXTA E A VIXENCIA DO CITADO CONVENIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Modificar o texto do convenio de “PROXECTO DE REHABILITACIÓN CASA DO CONCELLO” no sentido de que o apartado segundo da cláusula sexta establecendo que no caso de que se certifique unha cantidade de obra igual ou superior ao orzamento da anualidade financiada obxecto do convenio permita o pagamento dun 90% do segundo pagamento, supeditándose o pagamento do último 10% do segundo pago á recepción das obras e á inscrición do ben no inventario de bens do concello. Así como modificar a vixencia do convenio, facendo coincidir a súa vixencia coa do convenio que financia a anualidade do 2011, o que suporá que o apartado primeiro da cláusula XIII quedará redactado do seguinte modo “O presente convenio de

colaboración producirá efectos retroactivos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10.11.2011.”

13.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 8ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 4603 MELIDE A RIBADULLA (MELIDE E SANTISO). ORZAMENTO 1.868.002,92 € (CÓDIGO 101100008.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2010 OITAVA FASE cun orzamento total de 1.868.002,92 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 401/453A/ 60900 que a seguir se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
Ensanche e mellora de trazado e afirmado da DP 4603 Melide a Rivadulla (Melide e Santiso) (Código 1011100008.0)	1.868.002,92

2.Expor ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

14.-DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DE RIANXO AO PROXECTO ACTUALIZADO DE ENLACE DA DP 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO). PUBLICAR O CITADO ACORDO MEDIANTE ANUNCIO A INSERIR NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA NUN PRAZO DE 10 DÍAS PARA OS EFECTOS DE RECLAMACIÓNS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Á vista do informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Conservación, desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Rianxo toda vez que o solicitado se solucionará no levantamento das actas previas e non afecta á necesidade da urxente ocupación nin require modificacións no proxecto de execución das obras.

2. Publicar o citado acordo mediante o anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días, para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.

3.Comunicar o presente acordo a todos os afectados.”

15.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 CUARTA FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE EN DP 4801 PONTE BAXOI A BAÑOBRE (MIÑO) (CÓDIGO 1011000024.0) ORZAMENTO 57.998,52 €;

REFORZO DE FIRME NA DP 6602 DE FONTE DÍAZ A SANTA IRENE (O PINO E TOURO) (CÓDIGO 1011000025) ORZAMENTO 185.432,98 €.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2010 cuarta fase cun orzamento total de 243421,50 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 integrado polos proxectos que a seguir se detallan

DENOMINACION	ORZAMENTO
Pavimentación con mestura Asfáltica en quente en DP 4801 Ponte Baxoi a Bañobre (Miño) (Código 1011000024.0)	57.988,52
Reforzo de firme na DP 6602 de Fonte Díaz a Santa Irene (O Pino e Touro) (Código 1011000025.0)	185.432,98
TOTAL	243.421,50

2. Expor ao público o proxecto mediante o anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

16.-APROBAR O PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010, SEGUNDA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: TRAVESÍAS NA DP 3003 SAN PEDRO DE VISMA A MAZAÍDO PK 0+360 AO PK 0+870 (A CORUÑA) (CÓDIGO 1011700003.0). ORZAMENTO 104.501,87 €.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONÍS 2010, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 104501,87.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/454B/650 integrado polo proxecto que deseguido se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESÍA NA D.P. 3003 SAN PEDRO DE VISMA A MAZAIDO PK 0+360 AO PK 0+870 (A Coruña). 1011700003.0	104.501,87

2) Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

17.-FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CULLEREDO E A ENTIDADE AEROPUERTOS ESPAÑOLES Y NAVEGACIÓN AÉREA (AENA) PARA O OUTORGAMENTO POR PARTE DE AENA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DUNHA AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE USO

DE TERREOS DO AEROPORTO DA CORUÑA SITUADOS NA SÚA ZONA DE SERVIZO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial, o Concello de Culleredo e a Entidade Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) para o outorgamento por parte de AENA á Deputación Provincial da Coruña dunha autorización temporal de uso de terreos do Aeroporto da Coruña situados na súa zona de servizo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AENA, O CONCELLO DE CULLEREDO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN TEMPORAL DO USO DOS TERREOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA URBANA DA ESTRADA EP-3109

Dunha parte, D. Julio Sacristán de Diego, alcalde presidente do Concello de Culleredo, quen actúa en nome e representación do devandito concello.

Doutra parte, D. _____, presidente da Deputación Provincial da Coruña, quen actúa en nome e representación da devandita Deputación.

Doutra parte, D. _____ quen actúa en nome e representación da entidade pública empresarial “Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea”.

Recoñecéndose mutuamente capacidade para a celebración do presente convenio

MANIFESTAN

Que tanto a Deputación Provincial da Coruña, como o Concello de Culleredo, queren realizar melloras de seguridade viaria da zona de travesía urbana da estrada EP-3109, de acordo co denominado proxecto “Modificado nº1 EP-3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío, P.K. 0+000 a 3+120 (CULLEREDO)”, para iso solicitou a colaboración de AENA, a cal se plasma no presente convenio.

Que se trata dunha estrada que atravesa unha área urbana do municipio de Culleredo, con vivendas a ambos os dous lados, cos seguintes problemas de seguridade para os habitantes da devandita área, xa que a vía carece de beirarrúas en gran parte do seu percorrido.

Que para iso o Concello estableceu un convenio/acordo coa Deputación Provincial da Coruña con obxecto de mellorar o trazado, polo que se aumentará a súa anchura mediante o aliñamento de fachadas, e o establecemento de beirarrúas a ambos os dous lados da vía.

Que a dita obra afecta a terreos incluídos na zona de servizo do aeroporto, definida polo Plan director da Coruña aprobado polo Ministerio de Fomento por O.M. do 31 de xullo de 2001, (BOE 22Q/2001, do 13 de setembro), en cumprimento do artigo 166, da Lei 13/1996, e conforme ao disposto no Real decreto 2591/1998, parte dos cales xa foi expropiada.

Que, de acordo co desenvolvemento do Plan director, está prevista no seu día a expropiación e ocupación do resto dos terreos incluídos dentro da zona de servizo aeroportuaria, entre eles, o tramo da actual estrada EP-3109 afectado pola citada zona de servizo do aeroporto, destinados á implantación de instalacións e infraestruturas, polo que no seu momento será necesario o desvío da devandita estrada como reposición de servizo.

Que, aínda que no momento actual non existen previsións específicas para a utilización, a curto prazo, da totalidade dos terreos que conforman a zona de servizo do aeroporto, é evidente que estes terreos están destinados á implantación de instalacións e infraestruturas aeroportuarias, á vista das obras de ampliación do aeroporto tanto en curso como previstas no seu plan director.

Que os terreos cuxa ocupación se solicita comprenden unha superficie estimada de 160 m², que son propiedade de AENA para o acondicionamento da EP 3109, tal como se reflicte no plano núm.1 anexo a este convenio.

Que todas as entidades conscientes da necesidade de mellorar a seguridade viaria da devandita zona de travesía urbana da estrada EP- 3109 e coa finalidade de harmonizar – con base nos principios de coordinación, colaboración e cooperación institucional, que deben operar nas relacións entre administracións – a execución da devandita mellora que se ha realizar dentro da zona de servizo do aeroporto, acordan subscribir o presente convenio instrumental, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o outorgamento por parte de AENA á Deputación Provincial da Coruña, dunha autorización temporal de uso de terreos do aeroporto da Coruña situados na súa zona de servizo; terreos que se detallan no plano adxunto, cunha superficie aproximada de 160 m², para as obras de acondicionamento e mellora da actual estrada EP-3109.

A antedita autorización queda condicionada a que, por parte de AENA, non se necesite dispor dos citados terreos para ampliación do aeroporto, en cuxo momento AENA poderá proceder á súa ocupación, sen obriga de indemnizar por iso á Deputación.

Durante o tempo de vixencia da presente autorización os terreos obxecto desta non se poderán destinar a usos distintos dos sinalados no presente documento.

II.- Título para a ocupación e o uso temporal do solo

A presente autorización constitúe título para a ocupación e o uso temporal dos terreos, pero en ningún caso supón transmisión de dominio público, nin establecemento de ningún tipo de servidume, nin cesión de facultades dominicais de AENA, nin gravame ningún, quedando por tanto inalterada a natureza de dominio público estatal dos citados terreos.

A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, asumirán a realización, conservación, reparación e mantemento das obras de ampliación e mellora da estrada EP-3109, así como o uso destas sempre de acordo coa lexislación vixente e sen mediar contraprestación

ningunha, quedando, por tanto inalterada a natureza de dominio público estatal dos citados terreos.

IV.- Disponibilidade de terreos

AENA autoriza o uso dos devanditos terreos para a realización das obras necesarias: sen prexuízo das limitacións que impoñen a operatividade e seguridade aeroportuaria, pondo ao dispor da Deputación Provincial da Coruña os terreos do actual ámbito aeroportuario que se reflicten no plano anexo a este convenio, precisos para tal fin, nos termos establecidos na cláusula VII.

Unha vez concluídas as obras estenderase a correspondente acta de delimitación, cos planos de detalle que se consideren necesarios.

IV.- Coordinación de obras

Co obxecto de asegurar a máxima coordinación e eficacia no desenvolvemento dos proxectos, AENA designará a un técnico competente que, en calidade de representante de AENA, será informado do desenvolvemento dos traballos, terá libre acceso ás obras e a posibilidade de verificar calquera punto que considere oportuno a través da dirección das obras, correspondendo esta á persoa designada pola Deputación Provincial da Coruña, como interlocutor técnico para todos os efectos.

Este interlocutor técnico facilitará ao representante de AENA toda a información que se lle requira en relación co proxecto, replanteo e recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña.

O representante de AENA poderá, de maneira motivada e razoada, establecer condicións ao proxecto e desenvolvemento das obras, canto ás limitacións impostas pola operatividade e seguridade aeroportuaria, e á necesidade de reposición dos servizos e instalacións do aeroporto afectados polas citadas obras.

V.- Autorizacións

A Deputación Provincial da Coruña deberá:

- Solicitar a AENA, a través do responsable designado, a súa conformidade con calquera modificación que se precise no proxecto e transcurso das obras,
- Contar co informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil, respecto do cumprimento das servidumes aeronáuticas e da normativa de seguridade aeroportuaria,
- Aceptar a revogación unilateral por parte de AENA sen dereito a indemnización, por razóns de interese público,
- Asumir de forma expresa, a responsabilidade de calquera índole directa e fronte a terceiros derivada do uso autorizado,
- Responder de todos aqueles danos que, como consecuencia ou motivo da execución das obras, poidan causarse a terceiros ou nas instalacións e actividades aeroportuarias,

- Todo iso non exime de que as obras contén coas demais autorizacións e permisos necesarios e prescritas pola normativa vixente e/ou outros organismos afectados

VII.- Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio:

1. O mutuo acordo entre as partes
2. O non inicio da obra no prazo de dous anos, a partir da sinatura do convenio.
3. O incumprimento das condicións do presente convenio, o mal uso ou a aplicación a fins distintos do establecido na presente autorización, con reversión a AENA das obras e instalacións, no seu caso, e indemnización de danos e prexuízos que por este incumprimento se irrogasen.
4. A revogación unilateral da autorización do uso dos terreos por parte de AENA, cando concorran razóns de interese público, ou así resulte necesario para a ampliación do aeroporto.
5. A cesión, traspaso ou calquera outro admitido en dereito, en todo ou en parte da presente autorización sen previa autorización de AENA.
6. A modificación do obxecto para o que se outorgou a presente autorización sen previa autorización expresa de AENA.
7. O incumprimento das servidumes aeronáuticas.

VIII.- Réxime xurídico

A autorización concedida rexerá polo disposto no presente convenio, e o non establecido nel, pola Lei de patrimonio das administracións públicas (Lei 33/2003, de 3 de novembro) polo seu regulamento de desenvolvemento e polas demais disposicións de dereito público que resulten de aplicación.

IX.- Interpretación do convenio

As partes comprométese a liquidar de mutuo acordo as diferenzas que poidan presentarse en aplicación deste convenio, salvo imposibilidade manifesta, nese caso será competente para coñecer delas a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por triplicado na data ao principio apuntada.

18.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 11ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADO POLO PROXECTO: TRAVESÍA NA ESTRADA

**DP 3205 PRÉSARAS A CARREGOSA PK 0+000 AO 0+266 (VILASANTAR)
ORZAMENTO 175.393,30 € (CÓDIGO 0911300023.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Aprobar provisionalmente o Plan travesías 2009 11ª fase 1ª relación integrado polo proxecto que a seguir se detalla, cun orzamento total de 175.393,30

DENOMINACION	ORZAMENTO
Travesías na estrada DP 3205 Présaras a Carregosa PK 0+000 ao 0+266 (Vilasantar) (Código 0911300023.0)	175.393,3

2º.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

19.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE SANCIONS POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE MUROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Muros.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

20.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 1 DE XULLO DE 2010, NA APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de

xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do Estado e tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo:Dispor que se proceda á inserción dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

21.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2010 E DE MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49/2010 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2010, DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/2010 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 8.138.595,94 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

C.E. Créditos extraordinarios..... 606.166,38
S.C. Suplementos de crédito 7.532.429,56.....
5.426.838,54

Total de aumentos:..... 8.138.595,94
8.138.595,94

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

B.A. Baixas por anulación..... 2.711.757,40
R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:

Total financiamento:

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS E INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal		808.641,28
2. Gastos correntes	680.200,00	306.172,87
3. Gastos financeiros		500.000,00
4. Transferencias correntes	1.137.755,78	284.079,28
6. Investimentos reais	377.236,58	
7. Transferencias de capital	1.134.762,30	812.863,97
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros	4.808.641,28	
TOTAL MODIFICACIÓNS	8.138.595,94	2.711.757,40

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	5.426.838,54
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	5.426.838,54

2º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento provincial.

2º- 1 Dar de alta nas cotas de socio, a seguinte:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	NOMBRE OU RAZÓN SOCIAL	CIF/NIF	OBXECTO SOCIAL OU FUNDACIONAL	IMPORTE ANUAL CUOTA PROVINCIAL
0305/414B/481	Asociación Neria	G15388051	Cota socio anualidade 2010	66.100,00

2º- 2 Modificar a subvención nominativa concedida ao concello da Pobra do Caramiñal para a construción dun campo de fútbol e vestiarios no lugar de Cadreche. A anualidade 2010 contéplase na aplicación presupostaria 0202/342A/762.01 por importe de 340.000,00 €. A nova distribución temporal e a seguinte:

Anualidade 2010 50.346,30 €
 Anualidade 2011 289.653,70 €
 TOTAL 340.000,00 €

A anualidade do exercicio 2011 estará dispoñible unha vez efectuada a correspondente incorporación de remanentes ao exercicio 2011.

2º- 3 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do Orzamento provincial do exercicio 2010 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/155A/762.01	Concello de Camariñas	P1501600I	Obras de mellora marxe rúa Outeiro	150.000,00	176.682,04	84,90
0202/171A/762.01	Concello de Mesía	P1504800B	Obras en parques públicos	77.598,45	77.598,45	100
0202/231E/762.01	Concello de Boimorto	P1501000B	Equipamento minirresidencia	125.000,00	228.204,61	54,77
0202/342A/762.01	Concello de Camariñas	P1501600I	Obras no campo de fútbol municipal de Ponte de Porto	150.000,00	173.637,00	86,39
0202/454A/762.01	Concello de Mesía	P1504800B	Obras en camiños públicos	47.401,55	47.401,55	100
0305/164A/453.90	Universidade da Coruña	Q6550005J	Catalogación gráfica e estudo dos principios cemiterios da provincia	12.500,00	12.500,00	100
0305/333A/462.01	Concello da Coruña	P1503000J	Actividades museos científicos	79.149,00	93.000,00	85,11
0305/333A/762.01	Concello da Coruña	P1503000J	Investimentos museos científicos	120.851,00	142.000,00	85,11
0305/335A/781	Fundación Paideia Galicia	G15798655	Proxecto Mans Paideia	74.000,00	92.500,00	80,00
0305/432A/461.01	Deputación Provincial de Lugo	P2700000I	Exposición itinerante nos concellos das provincias de Lugo e da Coruña sobre D. Pedro Fernández de Castro. VII conde de Lemos	15.000,00	30.000,00	50,00
0305/432A/481	Fundación Universidade da Coruña	G15597289	Estudo dos camiños milenarios de peregrinación da Costa Atlántica Europea	18.000,00	22.500,00	80,00

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0305/432C/481	Asociación para o desenvolvemento do turismo de calidade Comarca do Ortegal	G15873037	Turismo do Ortegal	24.000,00	30.000,00	80,00
0305/432B/481	Asociación profesional do sector turístico da Costa da Morte	G15870025	Plan de comercialización do produto turístico da Costa da Morte	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/432C/481	Asociación de empresarios de Hostalería Ferrol e Comarca	G15092513	Mantemento oficina xestión da hostalería e turismo, e sensibilización dos axentes sociais do territorio Eume Ferrol Ortegal	60.000,00	75.000,00	80,00
0502/922B/453.90	Universidade da Coruña	Q6550005J	Convenio proxecto investigación urbanística sobre a rexión urbana Coruña-Ferrol	60.000,00	60.000,00	100,00
0701/230A/481	Fundación Paideia Galicia	G15798655	Xornada formativa	5.500,00	11.000,00	50,00
0701/231D/481	ASFEDRO	G15072010	Programa "educando no lecer"	17.880,80	22.351,00	80,00
0701/231D/781	Cociña económica da Coruña	G15028483	Equipamento	25.687,79	32.109,74	80,00
0701/231E/481	FEAFES GALICIA	G15545353	Gastos de mantemento	9.695,98	59.695,98	16,24
0701/231E/781	Asociación INTEGRO	G15173263	Obras de mellora na cuberta do centro de recursos INTEGRO en Cabana de Bergantiños.	12.816,88	16.021,10	80,00
0701/231E/781	AGADEA	G15483498	Adquisición dun vehículo de transporte adaptado	13.000,00	17.329,76	75,02
0701/231E/781	AMARAI	G15637325	Obras de construción e axardinamento dun centro de recursos para persoas con discapacidade en Boimorto	45.000,00	56.250,00	80,00
0701/231E/781	ANPA Concepción Arenal	G15059421	Equipamento comedor adaptado	9.288,37	11.610,47	80,00
0701/231E/781	FEAFES GALICIA	G15545353	Investimento en equipamento	3.500,00	3.500,00	100,00

2º- 4 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% FINANº
0202/312A/624.01	Cruz Vermella (1)	Q2866001G	Adquisición ambulancias	109.040,00	109.040,00	100,00

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINANº
0305/432A/462.01	Concello de Santiago (2)	P1507900G	Fórum Gastronómico	150.000,00	187.878,71	79,84
0202/337B/762.01	Concello de Paderne (3)	P1506500F	Obras no local social de Quintas	126.242,19	126.242,19	100,00
0202/454A/462.01	Concello de Paderne (4)	P1506500F	Obras en vías públicas municipais	23.919,46	23.919,46	100,00
0202/342A/762.01	Concello de Negreira (5)	P1505700C	Piscina climatizada	1.000.000,00	1.424.137,93	70,22
0202/334B/762.01	Concello de Malpica (6)	P1504400A	Adquisición predio forno da Loita	59.122,80	79.200,00	74,65
0202/334B/762.01	Concello de Malpica (6)	P1504400A	Adquisición predio forno da Costa	26.874,00	36.000,00	74,65

- (1) Incremento do importe da subvención, modificación do obxecto (2 ambulancias), presuposto subvencionado e porcentaxe.
(2) Presuposto subvencionado e porcentaxe.
(3) Obxecto, o importe da subvención e o presuposto subvencionado.
(4) Importe da subvención, presuposto subvencionado e porcentaxe.
(5) Beneficiario, presuposto subvencionado e porcentaxe
(6) O importe da subvención do exercicio 2008 divídese en dúas.

2º- 5 Dar de baixa as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINANº
0202/453D/762.01	Concello de Camariñas	P1501600I	Accesos estrada Camelle-Arou pola costa	300.000,00	2.073.879,38	14,47
0701/321D/481	Cociña económica da Coruña	G15028483	Plan extraordinario para servizo almorzos	50.000,00	69.715,00	71,72

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativa 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Hai dúas mocións, unha presentada por esta Presidencia onte e outra presentada polo Grupo Popular, pola deputada dona Esther González.

Como vostedes saben, para tramitar as mocións hai que tramitar primeiro a urxencia, se me permiten, como eu fun o que propuxen a moción, vou xustificar a urxencia.

É unha moción que fai relación á estrada de Carballo-Portomouro e ao acondicionamento da vía do Fogar Infantil Emilio Romay, son dúas obras que teñen financiamento, que unha vez celebrada a Comisión Informativa de Vías e Obras recibíuse o ditame favorable do Servizo de Intervención a estas dúas obras. Convocouse unha Comisión extraordinaria para poder aprobar estas dúas obras na Comisión para poder incluílas na orde do día. A razón da urxencia desta moción é que consideramos necesario aprobalo neste Pleno para que se poida adxudicar este ano esta obra, se non o aprobamos así, temos que deixalo ao Pleno de novembro e temos que expolo ao público, co cal entramos en mediados de decembro, a contabilidade pechada e xa non adxudicamos este ano, co cal xa non poderíamos adxudicar a obra e correríamos o risco de adxudicar esta obra unha vez que incorporásemos remanentes o ano que vén. Se temos todo, os informes favorables, é unha pena, por temas burocráticos, deixar que esta obra se demore catro ou cinco meses. Esta é a razón da urxencia e eu pido o voto favorable da urxencia para poder aprobar esta moción.

Por unanimidade, apróbase a urxencia da moción.

Sr. presidente

Ben, agora entrariamos no contido da moción. Son dúas estradas, unha é importante, é a estrada de Carballo a Portomouro, unha estrada que comunica Carballo e a Costa da Morte con Santiago, é unha estrada provincial, son trescentos oitenta e oito mil euros, e non hai máis explicación. E a outra é acondicionar un viario no Fogar Infantil Emilio Romay por importe de trinta e nove mil euros.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN DE URXENCIA

**APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS
2010, QUINTA FASE POR UN ORZAMENTO DE 427.358,66 EUROS E
INTEGRADO POLOS PROXECTOS:**

-MELLORA DE FIRME CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE NA DP 1914 DE CARBALLO A PORTOMOIRO (PK 0+000 A 29+000). CARBALLO. ORZAMENTO 388.376,23 (CÓDIGO 1011000026.0)

-ACONDICIONAMENTO DO VIAL DO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY. A CORUÑA. ORZAMENTO 38.982,43 (CÓDIGO 1011000027.0).

1º.-Aprobar provisionalmente o Plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 QUINTA FASE cun orzamento total de 427.358,66 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 e que a seguir se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
-Mellora de firme con mestura bituminosa en quente na DP 1914 de Carballo a Portomouro (PK 0+000 a 29+000). Carballo (Código 1011000026.0)	388.376,23
-Acondicionamento do vial do Fogar Infantil Emilio Romay. A Coruña (Código 1011000027.0)	38.982,43
TOTAL	427.358,66 €

2º.-Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan consideraranse definitivamente aprobados.

Sr. presidente

Agora hai outra moción do Grupo Provincial Popular, que lle dou a palabra á deputada dona Esther González para que defenda a urxencia desta moción.

Sra. González Vázquez

Bos días a todos. A xustificación da urxencia desta moción é a grave situación económica que está a atravesar, evidentemente, o noso país, e a repercusión que está a ter nos concellos.

Durante os tres últimos anos con motivo da grave crise económica que estamos a padecer, os concellos están a ver cada vez máis reducidos os seus ingresos procedentes do Estado, taxas, todo tipo de ingresos, de forma tan drástica que se ven obrigados en moitas ocasións, ou se van a ver obrigados xa máis definitivamente a restrinxir algún tipo de servizo. Entón o que pretendemos mediante esta moción é debater a urxencia de que os concellos teñan a posibilidade, a través da Deputación, de ter algún tipo de axuda, de subvención, de importes que lles poidan neste momento financiar e evitar que determinados servizos básicos queden ao descuberto economicamente. Trátase un pouco de cubrir o que se empeza a chamar xa a anorexia financeira dos concellos, son tan exiguas e tan preocupantes xa as arcas municipais a

nivel financeiro que pouco máis poden facer que facer o pagamento do persoal e nalgúns casos xusto, moi xusto, e sería isto o que queredamos debater aquí.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, sen entrar no contido da moción, evidentemente, entendemos que a urxencia non existe por distintos motivos, non é urxente primeiro porque hai unha Comisión formada nesta Deputación que é unha Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos. En segundo lugar, a través desta Comisión existen mecanismos para elaborar a enquisa de infraestruturas e equipamentos locais que está permanentemente actualizada. En terceiro lugar, porque existe tamén un informe económico anual de cada concello efectuado polo Servizo de Asistencia aos Concellos que nestes momentos está a levar a efecto os informes dos municipios, sobre todo aqueles aos que se refería a Sra. González, menores de 10.000 habitantes.

Iso con respecto á primeira parte, con respecto á segunda parte, non é urxente, baixo o punto de vista do Grupo Socialista, porque contamos con plans que neste momento, no pasado, no presente e no futuro, refírome neste caso aos orzamentos 2011 que están neste momento en elaboración, POS, Plan anticrise, Plan de cooperación cos concellos, convenios singulares, etc., están a paliar ou axudando a paliar esa crise que si compartimos coa Sra. González e co Grupo Popular que si existe, e cando fala dos servizos sociais básicos, tamén temos que dicir que non é urxente porque existe un convenio entre esta Deputación e todos os municipios menores de 10.000 habitantes, os cales perciben, de acordo coas necesidades, as economías correspondentes.

Por todo o que acabo de mencionar, entende o Grupo Socialista que non é necesaria a declaración de urxencia, dado que xa se está acometendo unha parte importante do que se refería a Sra. González na súa exposición. Moitas grazas.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. presidente, Sras. deputadas, Sres. deputados, bos días. Expón unha moción o Partido Popular, e fala da urxencia, estamos a debater sobre a urxencia da moción, e en primeiro lugar consideramos que a propia deputada que presenta a moción non debe considerar tan urxente atender aos concellos nunha situación de crise, cando expón unha moción o mesmo día do Pleno, dúas horas antes do Pleno, non mostra desde logo esa actitude unha preocupación pola situación de crise dos concellos.

En todo caso, como xa dixó antes o Sr. Lagares, a preocupación do goberno da Deputación polos concellos é unha constante no traballo, na actuación deste Goberno, e xa enumerou unha serie de plans que supomos e entendemos que a Sra. deputada coñecerá, como o Plan anticrise, ou o Plan de cooperación cos concellos, ou os Plans de parques infantís, ou mesmo o Plan de eliminación de barreiras, no que se investiron máis de seis millóns de euros en dous anos en instalacións municipais, ou o propio Plan

de convenios que temos con todos os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, 83 concellos, sendo ademais a única Deputación que ten ese tipo de plans.

Desde logo, entendemos que a Deputación está a facer un esforzo, mesmo eu diría que un sobreesforzo, ás veces, para asumir responsabilidades mesmo que son competencia doutras administracións, ou da propia Xunta de Galicia. Desde logo, a diario recibimos a concellos, e tamén a entidades, que veñen solicitar que se atendan cuestións que, en moitos casos, deixou de atender a Xunta de Galicia. Poderíamos enumerar, como xa antes comentou o Sr. Lagares, moitos plans, desde logo tamén a proposta da creación dunha Comisión para nós evidencia un desprezo aos profesionais técnicos desta casa, todos os anos xa se emite un informe detallado da situación económica de todos os concellos da provincia.

En definitiva, os concellos son a máxima preocupación do goberno da Deputación da Coruña, como xa se evidenciou, pola contra, semella que as preocupacións da Xunta de Galicia son outras, as principais preocupacións semella que son outras como a eliminación da lingua galega, ou a privatización de servizos básicos como a sanidade, os servizos sociais, o desmantelamento do sistema galego de benestar. En fin, desde o goberno da Xunta aplícanse recortes aos concellos, hoxe mesmo coñecemos a eliminación das axudas, por exemplo, para as rozas, para a eliminación da maleza nos concellos do rural.

Rexeitamos, desde logo, a urxencia, e parécenos unha moción puramente demagóxica. Nada máis e moitas grazas.

Vótase a urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Decae a moción ao non aprobarse a urxencia.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.